

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 23 DE FEBREIRO DE 2024

Ás 10:30 horas do día 23 de febreiro de 2024, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 20 de febreiro de 2024, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais:

- D. Xabier Pérez Igrexas, representante do BNG
- D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
- D^a. Olga Gómez Corbal, suplente do interventor xeral
- D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos
- D. José Angel Otero Lamas, xefe de área de Investmentos
- D^a. Carla Candia Paz, xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (asiste ao punto 1a)
- D. José Francisco Mourelle González, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 2a e 3a)
- D. Jesús López Moure, xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural (asiste ao punto 4a)
- D^a Ruth María Gallego Santos, técnica de xestión e xefa do Servizo de Vías e Obras (asiste aos puntos 5a e 6a)
- D^a. Luz María González Domínguez, xefa do departamento administrativo da Alcaldía (asiste ao punto 7a)
- D^a. Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade (asiste ao punto 11a)

Secretaria: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Dar conta da interposición de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3884-321)

Dáse conta da interposición do recurso especial en materia de contratación nº 22/2024 ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), de data 14 de febreiro de 2024, por parte D. José Luis Castro Romero, en nome e representación de CONTACNOVA, S.L.U. contra o acordo de adxudicación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 14:04	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AE4A-E92HBB-22CCB1-1TXT4S-2KEA2P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

deste procedemento.

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro, instalación e configuración da electrónica de rede municipal incluíndo sistemas de comunicacións do cpd municipal, electrónica de rede de planta así como a electrónica de rede das sedes remotas (10202-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (SATEC)
 2. TELEFONICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA SAU
 3. GLOBAL DOMINION ACCESS, S.A
 4. ASAC COMUNICACIONES SL
 5. EDNON, S.L.

3. Apertura das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro, instalación e configuración da electrónica de rede municipal incluíndo sistemas de comunicacións do cpd municipal, electrónica de rede de planta así como a electrónica de rede das sedes remotas (10202-113)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el/es.

Procédese á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliábel mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

4. Apertura administrativa e das proposicións avaliáveis mediante xuízo de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 14:04	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AE4A-E92HBB-22CCB1-1TXT4S-2KEA2P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



valor ou apertura administrativa e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, e se procede, clasificación (procedementos abertos simplificados)

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de mantemento preventivo e correctivo das instalacións de climatización e calefacción nos equipamentos adscritos á Área de Cultura (bibliotecas públicas, auditorio municipal do Concello e servizo da Área de Cultura) (5206-330)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliábeis mediante fórmula) co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo do contrato (sen IVE)
1	ACEUVE, S.L.U.	19.058,41
2	ENERTEC CONTROL, S.L.	22.760
3	MONCOBRA, S.A.	23.335,38

Non asiste público á apertura.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos, e acórdase, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ACEUVE, S.L.U.
2. ENERTEC CONTROL, S.L.
3. MONCOBRA, S.A.

A Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, solicitar informe ao servizo xestor de valoración da proposición avaliábeis mediante fórmula.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor

a) Procedemento aberto para a contratación da redacción do proxecto de "Prolongación do túnel de Elduayen ao encontro co novo vial do proxecto de urbanización do Barrio do Cura" (1733-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial, o enxeñeiro de camiños, canais e portos e a técnica de administración xeral, integrantes do Comité de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 14:04	Páxina 3 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AE4A-E92HBB-22CCB1-1TXT4S-2KEA2P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

expertos, o 19 de febreiro de 2024 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Xabier Pérez Igrexas.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura das proposicións avaliables mediante fórmula (procedementos abertos e abertos simplificados), e se procede, proposta de clasificación ou clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación da redacción do proxecto de "Prolongación do túnel de Elduayen ao encontro co novo vial do proxecto de urbanización do Barrio do Cura" (1733-441)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo do contrato (sen IVE)
1	CAPITEL Arquitectura, Ingeniería e Innovación, S.L.	191.520,00
2	G.O.C., S.A.	188.182,47
3	UTE GALAICONTROL, S.L. - TYLin GPO, S.L.	217.526,05

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste como público á apertura:

1. D. Manuel Muíños Olego, en representación da UTE ALFONSO PENELA - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERIA E INNOVACIÓN
2. D^a. Alexandra Correa Cuña, en representación de GALAICONTROL, S.L.

A Mesa, por maioría dos/as membros presentes e coa abstención de D. Xabier Pérez Igrexas., acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

7. Dar conta da existencia de ofertas anormalmente baixas

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía do 15 de febreiro de 2024, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 14:04	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AE4A-E92HBB-22CCB1-1TXT4S-2KEA2P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con EUROCEBRIAN, S.L. por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

11. Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12531-224)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., o 2 de febreiro de 2024. O licitador presenta a documentación requirida o día 13 de febreiro de 2023, dentro do prazo concedido.

Tras a análise da documentación presentada polo licitador, a Mesa acorda, por unanimidade, solicitar informe ao servizo en relación coa documentación presentada para acreditar os medios persoais que se esixen na cláusula 5.F. das FEC do PCAP.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 14:04	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AE4A-E92HBB-22CCB1-1TXT4S-2KEA2P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		